

ACTA N.º 4/2016  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE ABRIL DE 2016

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 161.011,01 €

I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA:

A) ACTIVIDADES CULTURAIS (ANO 2016)

B) ACTIVIDADES DEPORTIVAS (ANO 2016)

C) ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS (ANO 2016)

I.4.- APOIO Á MODIFICACIÓN DA LEI DA AREA METROPOLITANA DE VIGO

I.5.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A FEGAMP EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

I.6.- MOCIÓN DO GRUPO NIGRÁN DECIDE: SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE NIGRÁN

I.7.- PREMIOS NIGRÁN 2016

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

**Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

**Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D. Modesto Martínez Sienes

- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño

- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto

- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 28 de abril de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:05.
- *Hora de remate:* 22:49
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16.

#### **Incidencias:**

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- *Concelleiros que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan:* D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez, durante o debate do punto I.2 da orde do día.
- *Concelleiros que abandonan a sesión:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### **I.- PARTE RESOLUTIVA**

#### **I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data:* 31 de marzo de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións respecto da mesma

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 31 de marzo de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

#### **I.2.RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 161.011,01€**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de abril de 2016, informa favorablemente o expediente do recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 161.011,01 €, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as 179 facturas e varios gastos (non prescritos) de desprazamentos, dietas e

indemnizacións por asistencia a tribunais de persoal municipal por importe total de 161.011,01 euros, non contabilizados nin pagados e correspondentes a obrigas liquidadas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes contratacións verbais de obras, servizos ou subministros documentalmente acreditados e gastos de persoal municipal.

Visto o estado de execución do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016, e tendo en conta a existencia de crédito adecuado e dispoñible por importe de 161.011,01 euros en diversas aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral citado.

Sendo criterio desta Alcaldía intentar cumprir o o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada (especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao "Bon goberno" según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, de 10.12.2013).

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas e gastos de persoal municipal.

Coa finalidade de non afectar moi negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía, propónlle ao Concello Pleno:

**Primeiro.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no informe ref. T 36/16, de data 20.04.2016, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

**Segundo.-** Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 179 facturas (e gastos de desprazamentos, dietas e indemnizacións por asistencia a tribunais de persoal municipal) por importe total de 161.011,01 euros indicados na relación unida a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados con cargo aos créditos orzamentarios dispoñibles nas correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada:* Trátase de 179 facturas. Hai crédito para pagalas neste momento. Pide a aprobación do Pleno e indicando que responden a obrigas contraídas e á necesidade de pagar aos correspondentes provedores. A comisión ditaminou favorablemente.

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* Supón que se cumpriron as condicións impostas na Comisión Informativa. Hai que tender a minorar estas cifras. Na etapa do novo goberno xa suman 115.000 euros. Pide que se tomen medidas para remediar esta práctica. Agora é necesario pagar o que se debe.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Absteranse. O actual goberno segue a práctica pouco rigorosa dos anteriores. Por exemplo, o mantemento do emisario non é municipal. Tampouco se deben admitir subvencións encubertas.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* É o resultado dunha actuación anómala que prexudica a terceiros. No caso do emisario é dubidoso que corresponda ao Concello. Na Comisión algunhas facturas estaban sen conformar, agora parece que xa se corrixiu o defecto. Nos gastos de asistencia a cursos parece que hai unha falta de control, ademais concéntranse especialmente na Policía Local. Espera que se corrixa. Absterase.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* O importe do recoñecemento é significativo. En relación cos precedentes parece que se rompe a tendencia á baixa e confía en que se corrixa. A factura maior é de 21.000 euros a un despacho por un contencioso que gañou o Concello. Este tipo de cousas ten que ser controlado. Hai que considerar se o Concello de Nigrán non debería ter persoal propio seleccionado para isto. E mentres, o que lle pide o corpo é non levantar os reparos da Intervención. Dadas as circunstancias, neste caso, non votará en contra.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nos actuais orzamentos contéplase contía suficiente para pagar isto. Nos últimos meses pensa que non se acudiu a contratos externos, se se fixo foi de xeito negociado.

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* Cando eles chegaron ao goberno as cifras foron moi superiores, procedentes de gobernos anteriores. Agora son 36.000 euros do seu goberno os que figuran neste recoñecemento. Na súa etapa afrontou gastos xurídicos de preitos por facturas de gobernos anteriores. Outro litixio por responsabilidade patrimonial moi cuantiosa gañouse e lóxicamente houbo que pagar os honorarios correspondentes.

*Sr. Fernández Comesaña:* Cando hai condena en custas, o lóxico que se lle cobre ao que denunciou ao Concello.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A súa preocupación débese tanto ás actuacións deste goberno coma ás dos anteriores.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA:**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de abril de 2016, tendo en conta as correspondentes propostas da Alcaldía, informa favorablemente os expediente das bases específicas das convocatorias para a concesión das subvencións que se indican, nos seguintes termos:

#### **A) ACTIVIDADES CULTURAIS (ANO 2016)**

Expte. 20160000138Sv

#### **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO MUNICIPIO (ANO 2016).**

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural no ano 2016, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 2 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.

#### **1.—OBJECTO DA SUBVENCIÓN:**

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

#### **2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

#### **3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:**

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo á partida 2016/334. 48000 do Orzamento do ano 2016.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.000 euros, a distribuír entre un máximo de tres actividades ou proxectos. A subvención que no seu caso se conceda ingresarase a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

#### **4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións.
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinale/n pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

#### 5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “ .....	5 puntos
26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación: Ata 30 puntos (segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades culturais).

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

#### 6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Anexo V incorporado ás presentes bases, coas declaracións que no mesmo se conteñen, formuladas polo membro da entidade ou asociación solicitante que teña a competencia orgánica para elo.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

#### **7.—ENMENDA DE DEFECTOS:**

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **8.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:**

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, a Concelleira de Cultura, un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario técnico da área de Intervención, e un funcionario da área de Secretaría Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.
2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.
3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.
4. A proposta de adjudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.
5. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.
6. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

### 9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

- a) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.
- b) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.
- c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- d) Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- f) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- g) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar a subvención.

### 10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:

O pagamento das subvencións efectuarase unha vez xustificadas as mesmas, de conformidade co previsto na Base 3, e mediante transferencia bancaria.

A tramitación da xustificación iníciarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, ou a actuación musicais correspondente, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 15 de novembro de 2016:

- a) Solicitud de liquidación da subvención concedida (Anexo VI).
- b) Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.
- c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterà a seguinte documentación:
  1. Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde da relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVA, data de pago, forma de pago (Anexo VI)
  2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.
  3. Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII)
  4. Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.
- d) Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.
- e) Declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención. (Anexo VI).

De non xustificarse a totalidade do importe do proxecto ou actividade subvencionado plantexado na solicitude, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación complementaria.





As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma conlevará a revogación da subvención concedida.

#### 11.—SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

#### 12.—VIXENCIA.

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

#### DISPOSICIÓN FINAL

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

### SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS – CONCELLO DE NIGRÁN

#### EXERCICIO 2016

#### ANEXO V

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:

1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.
2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,

Teñen carácter subvencionable

Non teñen carácter subvencionable

3. Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesorería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2014/2015.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.

### SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS – CONCELLO DE NIGRÁN

**EXERCICIO 2016**

**ANEXO VI**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para actividades culturais no ano 2016, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de cobro da subvención.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

Nº Orde	Factura Nº e data	Proveedor Nif/Cif	Concepto facturado, descrición	Data e forma de pago	Iva	Importe
<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>						

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS – CONCELLO DE NIGRÁN****EXERCICIO 2016****ANEXO VII****ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:****CIF:****ENDEREZO:****PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

D./Dª \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades culturais no ano 2016, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.

\*\*\*

## **B) ACTIVIDADES DEPORTIVAS (ANO 2016)**

Expte. 20160000139Sv

### **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO MUNICIPIO (ANO 2016).**

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin deportivo no ano 2016, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 1 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.

#### **1.—OBJECTO DA SUBVENCIÓN:**

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades deportivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

#### **2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

#### **3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:**

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo á partida 2016/341.48000 do Orzamento do ano 2016.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.000 euros, a distribuír entre un máximo de tres actividades ou proxectos. A subvención que no seu caso se conceda ingresarase a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

#### **4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.

- c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

#### 5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “ .....	5 puntos
26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación: Ata 30 puntos (segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades deportivas). Ata 30 puntos.

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

#### 6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) As solicitudes de subvención dirixíranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentarase a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Anexo V incorporado ás presentes bases, coas declaracións que no mesmo se conteñen, formuladas polo membro da entidade ou asociación solicitante que teña a competencia orgánica para elo.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

#### **7.—ENMENDA DE DEFECTOS:**

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **8.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:**

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, o Concelleiro de Deportes, un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario técnico da área de Intervención, e un funcionario da área de Secretaría Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.
2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.
3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.
4. A proposta de adjudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.
5. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.
6. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

#### **9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

- a) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.
- b) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.
- c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

- d) Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- f) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- g) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar a subvención.

#### **10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:**

O pagamento das subvencións efectuarase unha vez xustificadas as mesmas, de conformidade co previsto na Base 3, e mediante transferencia bancaria.

A tramitación da xustificación iníciase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 15 de novembro de 2016:

- a) Solicitude de liquidación da subvención concedida, incorporando a declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención (Anexo VI das presentes bases).
- b) Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese. +
- c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:
  - 1. Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde da relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVA, data de pago, forma de pago. A tal efecto, resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.
  - 2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.
  - 3. Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)
  - 4. Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.
- d) Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.

De non xustificarse a totalidade do importe do proxecto ou actividade subvencionado plantexado na solicitude, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación complementaria.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma conlevará a revogación da subvención concedida.

**11.—SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.**

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

**12.—VIXENCIA.**

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

**DISPOSICIÓN FINAIS**

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

**SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS – CONCELLO DE NIGRÁN**

**EXERCICIO 2016**  
**ANEXO V**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

D./Dª \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:

1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.
2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,
  - Teñen carácter subvencionable
  - Non teñen carácter subvencionable
3. Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesorería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2014/2015.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016





Asdo.

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS – CONCELLO DE NIGRÁN**

**EXERCICIO 2016  
ANEXO VI**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

D./Dª \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para actividades deportivas no ano 2016, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de cobro da subvención.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

Nº Orde	Factura Nº e data	Proveedor Nif/Cif	Concepto facturado, descrición	Data e forma de pago	Iva	Importe
<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>						

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS – CONCELLO DE NIGRÁN**

**EXERCICIO 2016**  
**ANEXO VII**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

**PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

D./Dª \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades culturais no ano 2016, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.  
\*\*\*

**C) ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS (ANO 2016)**

Expte. 20160000138Sv

**BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS DO MUNICIPIO (ANO 2016).**



As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades veciñais e festeiras no ano 2016, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 3 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.

### **1.—OBJECTO DA SUBVENCIÓN:**

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de actividades veciñais e festeiras do municipio que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

### **2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

### **3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:**

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 22.000 euros, con cargo á partida 2016/924, 48000 do Orzamento do ano 2016.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.000 euros, a distribuír entre un máximo de tres actividades ou proxectos. A subvención que no seu caso se conceda ingresarase a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

### **4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- c) O imposto sobre o valor acrecentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

## 5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “ .....	5 puntos
26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación: Ata 30 puntos (segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades veciñais e festeiras). Ata 30 puntos.

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

## 6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Anexo V incorporado ás presentes bases, coas declaracións que no mesmo se conteñen, formuladas polo

membro da entidade ou asociación solicitante que teña a competencia orgánica para elo.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

#### **7.—ENMENDA DE DEFECTOS:**

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **8.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:**

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, o/a Concelleiro/a de Festexos, un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario técnico da área de Intervención, e un funcionario da área de Secretaria Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.
2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.
3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.
4. A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.
5. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.
6. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

#### **9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

- a) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.
- b) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.
- c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- d) Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- f) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- g) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar

a subvención.

#### **10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:**

O pagamento das subvencións efectuarase unha vez xustificadas as mesmas, de conformidade co previsto na Base 3, e mediante transferencia bancaria.

A tramitación da xustificación iniciarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 15 de novembro de 2016:

- a) Solicitude de liquidación da subvención concedida, incorporando a declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención (Anexo VI das presentes bases).
- b) Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.
- c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:
  1. Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde da relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVA, data de pago, forma de pago. A tal efecto, resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.
  2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.
  3. Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)
  4. Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.
- d) Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.

De non xustificarse a totalidade do importe do proxecto ou actividade subvencionado plantexado na solicitude, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación complementaria.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma conlevará a revogación da subvención concedida.

#### **11.—SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.**

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

#### **12.—VIXENCIA.**

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

#### SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS – CONCELLO DE NIGRÁN

EXERCICIO 2016

ANEXO V

#### ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:

CIF:

ENDEREZO:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:

1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.
2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,  
 Teñen carácter subvencionable  
 Non teñen carácter subvencionable
3. Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesorería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2014/2015.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.

#### SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS – CONCELLO DE NIGRÁN

EXERCICIO 2016

ANEXO VI

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para actividades veciñais e festeiras no ano 2016, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. n<sup>o</sup> 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de cobro da subvención.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

N <sup>o</sup> Orde	Factura N <sup>o</sup> e data	Proveedor Nif/Cif	Concepto facturado, descrición	Data e forma de pago	Iva	Importe
<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>						

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS – CONCELLO DE NIGRÁN**

**EXERCICIO 2016  
ANEXO VII**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**



**PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades culturais no ano 2016, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asdo.  
\*\*\*

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Resume a iniciativa, que continúa un proceso xa iniciado no goberno anterior. Trataron de mellorar as bases coa experiencia adquirida. Os grupos tamén fixeron as súas achegas. Hai reparos da Intervención, que se deben levantar. Confía en mellorar a regulación para que sexa a máis idónea.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Non van bloquear a convocatoria. Durante a vixencia do plan de saneamento isto non se puido levar a cabo. Na última etapa do goberno anterior recuperouse a iniciativa,. Pensa que as contías van resultar escasas este ano. Nunha soa convocatoria non se vai poder asignar o previsto. Tamén hai dificultades na interpretación das bases á hora de pedir e de adxudicar. Absteranse.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* As bases son semellantes ás anteriores.

Parece que se pretenden repartir a partes iguais entre os beneficiarios. Vai ser moi difícil valorar as peticións. O ano pasado so se concederon por importe dun 30% do presupostado. Hai defectos graves nas definicións, que dificultarán o proceso. Son manifestamente mellorables.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Pódense crear falsas expectativas. As normas son mellorables. Os criterios deberían simplificarse. Agora hai reparos que levantar. Votará a favor valorando o obxectivo que e persigue.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* As bases son complicadas. O equilibrio entre garantías e simplicidade non é fácil. Haberá que ir aprendendo dos erros. Proponse participar máis activamente nas futuras redaccións. Pensa que á hora de subvencionar ás asociacións deben primarse as actividades sobre os desprazamentos.

*Sr. García Pazos:* Hai que respectar a concorrancia competitiva e evitar os agravios derivados das axudas encubertas. Pregunta se o Concello debe pagar o desprazamento de 50 persoas a ver un partido de fútbol.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contestará a esta cuestión no punto de rogos e preguntas. Polo demais, a cuestión pódese mellorar progresivamente.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP, Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, acorda aprobar as bases específicas das convocatorias para a concesión das subvencións para actividades culturais, deportivas, veciñais e festeiras para o ano 2016, indicando a Presidencia que a decisión comporta o levantamento dos reparos da Intervención.

#### **I.4.- APOIO Á MODIFICACIÓN DA LEI DA AREA METROPOLITANA DE VIGO**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de abril de 2016, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidentencia:

“Visto o anteproxecto da Ley de modificación da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, feito público tralo acordo acadado na cidade de Vigo o 22 de febreiro de 2016, e que pretende reformar o modelo de gobernanza e as atribucións competenciais da referida entidade supramunicipal.

Entendendo que a reforma pretendida vai viabilizar a súa posta en marcha e con ela o exercicio dunhas competencias que redundarán no beneficio dos Concellos que a integran e dos seus veciños e veciñas, proponse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Mostrar o apoio do Concello de Nigrán á modificación da Lei 4/2012, do 12 de abril, da

Área Metropolitana de Vigo nos termos que se recollen no anteproxecto de Lei e pedirlle á Xunta de Galicia que impulse a tramitación do mesmo de cara á súa aprobación polo Parlamento de Galicia."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Refírese ao traballo que hai detrás desta iniciativa, realizada por representantes das diversas formacións. É un día importante para Nigrán se isto se apoia.

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular.* O importante é que de verdade empece a funcionar, porque xa hai moitos anos que se ven intentando. Non debe haber protagonismos e pide que se respecten os intereses de todos os integrantes, incluíndo o problema da auga ou do transporte metropolitano, bloqueados desde a Alcaldía de Vigo. Están a favor da Área e, como sempre, apoiarán a iniciativa.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Cren na Área e na súa viabilidade. O texto é mellorable pero valoran o consenso que o sustenta e tamén o paso adiante do Alcalde de Vigo. O momento para o transporte metropolitano é esencial dada a recente sentenza do Tribunal Supremo. Non se pode converter nun mecanismo de privatización de servizos. A participación nos órganos de goberno conduce a necesarios consensos. A Deputación debería desaparecer tras a posta en marcha da Área Metropolitana. Votarán a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* El ten presente a defensa dos intereses dos veciños de Nigrán. Por iso a clave é que servizos vai xestionar e como vai facelo. Non están satisfeitos de todo coa redacción da lei, que esperan mellorar no trámite parlamentario.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais sobre a modificación da lei da Área Metropolitana de Vigo.

**I.5.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A FEGAMP EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de abril de 2016, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Visto o texto do Convenio de referencia asinado o 30 de marzo de 2016.

Tendo en conta que o mesmo ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra-municipal de Galicia do equipamento para a recollida e clasificación de

Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) que se indica a continuación:

- Medios para a pesada dos RAEE recollidos.
- Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE.
- Barreiras de estanquidade e beiris perimetrais.
- Carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.

Cofecendo as obrigas que suporía para o Concello a adhesión ao mesmo, concretamente as de:

1. Permitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o libre acceso ás instalacións do punto limpo de que se trate e permitirlle realizar cantas actuacións sexan precisas para o cumprimento do obxecto do convenio.
2. A renuncia expresa a esixir calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das actuacións obxecto deste convenio.
3. O compromiso de asumir, unha vez rematadas as actuacións e, previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministras.
4. Poñer en marcha, de conformidade co disposto no Real Decreto 110/2015, as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión dos residuos municipais.

Propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Adherirse ao Convenio marco de colaboración para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) asinado o día 30 de marzo de 2016 entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do mesmo, aceptando expresamente todas as condicións que figuran nel, e facultar ao Alcalde para subscribir o documento oficial de adhesión.”

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Diego García Moreira, concelleiro delegado:* Hai un convenio previo que tamén deberá ser asumido. O presente diríxese a obter unha serie de materiais de funcionamento do punto limpo.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Nos últimos anos Nigrán mellorou a súa atención ambiental. Instalouse o punto limpo, pero tamén fai falta a concienciación cidadá. Votarán a favor.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Votarán a favor. Na Comisión Informativa pediron o convenio previo e os datos económicos, e protesta porque ese convenio non se lles facilitou antes. As campañas de concienciación ten que pagalas CESPAs e tamén hai que ter presente as responsabilidades da concesionaria.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A situación é mellorable no tema da recollida de residuos. Hai que mentalizar aos usuarios do servizo. Estes aparellos (RAEE) son

contaminantes e as medidas para eliminalos positivas. Votarán a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* No fondo están a favor, na forma teñen obxeccións.

*Sr. García Moreira:* Foi difícil de localizar o convenio previo. Traerase ao Pleno.

*Sr. Cuevas Raposo:* Parece que non se está seguindo o procedemento correcto.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Este tráese antes por un problema de prazo. Logo traerase o outro.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pide que se traia ao próximo Pleno.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Á vista das explicacións apoian a proposta.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

#### **I.6.- MOCIÓN DO GRUPO NIGRÁN DECIDE: SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE NIGRÁN**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de abril de 2016 acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción do grupo "Nigrán Decide":

##### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 25 de xuño de 1992 o Pleno do Concello de Nigrán adoptou o acordo, cos votos en contra do Grupo Socialista, CNG e UNEM, de adjudicar a xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán á U.T.E formada por SERAGUA, S.A. e FCC. S.A. (AQUALIA).

O 27 de novembro de 1992 asinou o contrato de concesión da xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán entre o Concello de Nigrán e AQUALIA.

Dentro dos pregos polos que se rexe dito contrato establece dentro da cláusula 2.a relativa a duración do contrato indicase que "A duración do contrato será de VINTECINCO (25) ANOS contados a partir do comezo do mesmo, prorrogables tacitamente por períodos de CINCO (5) ANOS ata o máximo legal de 50 anos, agás denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada polo menos UN (1) ANO antes ao seu vencemento."

Na cláusula IV de dito contrato "CLAUSULA DE OUTORGAMENTO" faise constar que

o concesionario se fixo cargo da prestación do servizo o día un de outubro de mil novecentos noventa e dous.”

De todo o anteriormente exposto desprendese que o contrato da Xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán remata o 30 de setembro de 2017, e que para que non se produza unha prorroga automática ten que ser denunciado expresamente por algunha das partes contratantes, notificándoo á outra parte antes do 30 de setembro de 2016.

Dentro do programa electoral co que se presentou NIGRÁN DECIDE estaba o compromiso da Remunicipalización do servizo de abastecemento e saneamento de auga.

Para NIGRÁN DECIDE o programa electoral é un contrato coa cidadanía e non una serie de promesas para ser incumpridas.

Consideramos o auga en todas as súas formas é un ben común e o seu acceso é un dereito humano fundamental e inalienable de todos os seres vivos. Para nós o auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade e da natureza: non é unha mercadoría.

Dentro das competencias do pleno do Concello de Nigrán está a aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.

Municipalización do servizo que traería beneficios para a veciñanza de Nigrán. Non hai que esquecer que o Tribunal de Contas español, no seu Informe 1.010 de fiscalización do sector público local do ano 2011, asegura que a xestión privados servizos básicos como o abastecemento de auga e saneamento custan á cidadanía mais dun 10% mais que na xestión directa. Tamén ao mesmo tempo a xestión privada ten un 25% mais de perdas de auga que a xestión pública.

Forma de xestión	Media de custe por habitante en Pob. entre 5.001 e 20.000 h.	Media de % perdas / subministrada
Xestión directa	46,69	20
Concesión/Concerto	51,77	26

Respecto aos traballadores actuais da concesionaria vinculados ao contrato, nun proceso de remunicipalización débense ter en conta as cuestións de sucesión de empresas e **subrogación das relacións laborais** nos termos que prevé o artigo 44 do Estatuto dos Traballadores en relación con el 120 del TRLCS e de acordo coa directiva Directiva 2001/23/CE del Consello, de 12 de marzo de 2001.

É por todo isto polo que o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE propón ao pleno de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.** Denunciar expresamente e non prorrogar tacitamente o contrato de concesión da xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán asinado o 27 de novembro de 1992 entre o Concello de Nigrán e U.T.E formada por SERAGUA, S.A. e FCC. S.A. (AQUALIA), de acordo coa cláusula 2.a relativa a duración do

contrato dos pregos polos que se rexe dito contrato.

**Segundo.** Notificar este acordo de denuncia do contrato á U.T.E formada por SERAGUA, S.A. e FCC. S.A. (AQUALIA) antes do 1 de xullo de 2016.

**Terceiro.** Iniciar o expediente para xestionar o Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán mediante Xestión directa, tal como prevé o artigo 85.2 da Lei de bases do réxime Local, para o que se subrogarán **as relacións laborais coa actual concesionaria** nos termos que prevé o artigo 44 do Estatuto dos Traballadores en relación con el 120 del TRLCS, pasando a ser persoal indefinido do Concello de Nigrán.”.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Explica os motivos da proposta de remunicipalizar o servizo. Basicamente, evitar prezos máis altos que favorecen á empresa e prexudican aos veciños. A febre da privatización rematou. O Tribunal de Contas avala a melloría económica que supón a xestión directa. En España e Galicia hai xa moitos exemplos deste tipo de iniciativas. Apostan pola xestión pública participativa, sobre todo dada a natureza deste recurso, e o seu carácter de ben de primeira necesidade, ao cal debe garantirse o dereito de acceso. No seu programa figuraba este compromiso de recuperar a xestión. Dálle lectura á proposta.

*D. Modesto Martínez Sienes, do grupo Popular:* Coinciden en que é un servizo público básico e tamén en que non é unha mercadoría. Pensan que outra cousa é a xestión do servizo. É necesario un estudo concreto do caso de Nigrán, e despois actuar en consecuencia. Absteranse ante a falta de xustificación suficiente.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A proposta ven ditaminada desfavorablemente. A dificultade de rescatar o servizo é maior que a da concesión. Pensa que o persoal perdería estabilidade laboral. O tema é moi serio para tratalo sen un estudo previo de viabilidade. A complexidade da xestión incrementouse co paso do tempo. No seu programa comprometiase a estudar a mellor solución, entendendo que ese estudo é imprescindible. No informe do Tribunal de Contas faltan en xeral os custos indirectos, incluídas as amortizacións. Por outra parte, a integración na Área Metropolitana é un feito relevante á hora de tomar esta decisión. Unha das claves é a do custo da auga en alta. Pensa que o esencial é auditar estas xestións dos servizos. Unha posible prórroga daría ocasión para levar a cabo esa avaliación. Considera que foi un erro o permitir a subida das acometidas aprobada polo goberno anterior. Absterase pola falta de xustificación.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Hai 25 anos nacionalistas e socialistas opuxéronse á privatización. Os nacionalistas manteñen a súa postura. A clave está en se se denuncia ou non o contrato. Trala renuncia podería irse á xestión directa ou a unha nova contratación. Apoian a moción.

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* Non entende a alusión do Sr. Fernández Comesaña ao goberno do PP, cando el apoiou como político certas privatizacións.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Entenden que a proposta é froito da convicción de que o servizo será máis barato, pero ese non é o único aspecto a ter en conta. Non é un servizo calquera, nin é

unha decisión que se poida tomar á lixeira. Non apoiar a moción non quere dicir ir a unha nova concesión, senón valorar o momento e a oportunidade de integrar o servizo na Área Metropolitana. A prórroga de 5 anos pode dar tempo para tomar as mellores decisións, sen precipitacións. A auditoría débese levar a cabo para contar cos elementos para esa mellor decisión. Pensa que hai que aproveitar a ocasión e actuar coa prudencia que require a cuestión. Por iso votarán en contra.

*Sr. Cuevas Raposo:* A moción non pretende ser un estudio de viabilidade. Consideran que sería a mellor solución para Nigrán. O estudio xa o podía ter feito o goberno. Na moción non se di que o persoal sería funcionario do Concello, senón indefinido, de carácter laboral. Entende que o da Área Metropolitana non é definitivo neste aspecto, porque o Concello é o que debe decidir. Pensa que goberno é quen de xestionar directamente o servizo. A prórroga do contrato non debería servir para seguir pagándolle amortizacións a AQUALIA.

*Sr. Fernández Comesaña:* Cabe unha negociación coa concesionaria para obter contrapartidas por unha futura prórroga. Tamén é necesario saber se os investimentos comprometidos xa se levaron a cabo. Na Área Metropolitana o servizo da auga é capital, por iso o momento é óptimo. Cinco anos de prórroga incluso poden servir para esixir o completo cumprimento dos requisitos contractuais.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 3; Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: 7; PSOE.
- Abstencións: 7; PP e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, asumindo o dictame desfavorable da Comisión Informativa, rexeita a Moción.

### I.7.- PREMIOS NIGRÁN 2016

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de abril de 2016, acordou ditaminar favorablemente a proposta dos portavoces dos grupos políticos municipais reunidos o 19/04/2016 para a valoración das candidaturas ós premios Nigrán 2016 cuxa proposta de galardóns é a seguinte:

Premio Nigrán 2016 ó Mérito Educativo:	IES Val Miñor
Premio Nigrán 2016 ó Mérito Empresarial:	Pirotecnia Argimiro Alborés
Premio Nigrán 2016 ó Mérito Cultural:	C.C.R. Parada do Miñor
Premio Nigrán 2016 ó Mérito Deportivo:	Nacho Fernández Méndez
Premio Nigrán 2016 ó Mérito Social:	José Pérez Vicente (Tapería Jose)

No curso do debate plenario a Presidencia entrega, para constancia, a relación de méritos dos propostos:

**Cultural: Centro Cultural e Recreativo Parada do Miñor**

A parroquia de Parada, a través do seu Centro Cultural e Recreativo constituído en maio de



2007, destaca pola súa aposta por preservar as mellores tradicións sociais e culturais de Nigrán. A entidade celebra actos ao longo de todo o ano que contribúen a dinamización cultural e deportiva e a manter viva a relación entre os veciños e o seu entorno. A recuperación da Rondalla de Parada do Miñor é un dos seus grandes logros, así coma a celebración do Entroido (co seu popular "Enterro do Kiko"), a Semana Cultural de Verán, o Samaín, o Magosto ou a realización de infindade de cursos formativos. A entidade, que colabora activamente coa comunidade de montes ou a comisión de festas, é un dos mellores exemplos de como dende unha parroquia se pode por en valor todo un municipio.

#### **Educativo: IES Val Miñor**

Primeiro instituto creado no Val Miñor en 1979 e, polo tanto, xérmolo de moitas xeracións de rapaces da comarca, caracterizándose dende a súa creación polo esforzo do seu profesorado para conseguir a mellor formación para o seu alumnado. Con este premio a corporación de Nigrán quere respaldar a Educación Pública e de calidade, xa que o IES Val Miñor é o mellor exemplo de elo.

#### **Empresarial: Pirotecnia Argimiro Alborés**

Fundada en 1934, a señoira pirotecnia de Nigrán vai xa pola súa terceira xeración. Naceu como pirotecnia "La Moderna" na parroquia de Parada das mans de D. Argimiro Alborés García, quen deixa o oficio de zapateiro para fabricar artesanalmente foguetes de ruído, fachadas de cor e rodas de fogo fixo. Anos despois, en 1948, se traslada a novas instalacións na mesma parroquia. En 1973 colle o testigo o seu fillo, D. Argimiro Alborés Couto, quen incorpora pequenos espectáculos de lucería. Con el remata a etapa da pirotecnia "La Moderna" e nace a actual "Pirotecnia Argimiro Alborés". Xa en 1993 entra en escea a terceira xeración ao asumir a dirección o neto, D. Argimiro Alborés Misa, quen remodela e amplía o taller adaptándose á normativa vixente e segundo o regulamento de explosivos, incorporando ademais un punto de venda autorizado a particulares de pirotecnia recreativa. Os seus espectáculos están presentes en todo tipo de festexos e entre as súas participacións destaca a saída da regata Cutty Sark en Vigo e a Volvo Ocean Race ou un espectáculo no Parador de Baiona ante a familia real.

#### **Deportivo: José Ignacio Fernández Méndez**

José Ignacio Fernández Méndez "Nacho" (Nigrán, 1980) é sen lugar a dúbidas o mellor deportista do municipio e o gran referente de España en Slalom, unha modalidade deportiva na que persoas con parálise cerebral ou discapacidade física realizan en cadeira de rodas un circuito cheo de obstáculos que deben esquivar ata completar o percorrido no menor tempo posible. Nacho, membro do clube Tamiar-Apamp, comezou a colleitar premios neste ámbito dende que se iniciou no ano 2002 ata consagrarse no 2014 e 2015 como campión de España na proba cronometrada. Ademais, entre os seus méritos están tamén o récord de España en 2005, o récord nacional en 2007 e 2013 ou os tres ouros en equipos dende 2009 a 2013. O seu afán de superación fan del non so un exemplo como deportista, se non tamén como persoa. Entre as súas ambicións está que se eliminen as barreiras arquitectónicas que lle permitan algún día acceder a un posto de traballo con total independencia.

#### **Social: Tapería Jose**

A Tapería Jose (Priegue) leva anos demostrando que o esforzo individual, en este caso dunha familia, pode cambiar o mundo, ou polo menos o mundo que nos rodea no día a día. No seu restaurante, a pé da praia de Prado, 60 persoas de Nigrán con dificultades poden festexar dende hai catro anos o Nadal coa máxima dignidade e con total e absoluta discreción, xa que o seu propietario rexeita calquera publicidade ou mérito ao respecto. Esa segue a ser unha das condicións para que neste día Jose e Isabel donen gratuitamente o seu traballo, a súa cociña e os seus alimentos ás persoas seleccionadas previamente polos Servizos Sociais do Concello, a quen o matrimonio traslada posteriormente unha tarxeta de invitación elaborada por eles mesmos. A súa iniciativa é apoiada por máis persoas anónimas, empresas e colectivos que donan comida ou xoguetes, xa que nenos e adultos reciben tamén o seu agasallo de Papa Noel. O único afán deste matrimonio exemplar é servir o xantar a todos aqueles que, sexa cal sexa o motivo, non poidan festexar o Nadal como os demais veciños de Nigrán.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dálle lectura á relación dos propostos.

*D<sup>a</sup>. Lilibana Silva Pequeño, do grupo Popular:* Valora positivamente a participación.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Móstrase a favor e alude ao proceso participativo.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Agradece a participación facilitada.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Felicita aos premiados.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda conceder os Premios Nigrán 2016 de conformidade coa proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO****II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de marzo de 2016 e o 31 de marzo de 2016, ambos incluídos.

**II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

*Sr. Alcalde-Presidente:* En resposta á pregunta do Sr. García Pazos formulada nun punto anterior, indica que o autobús para ir ao Celta foi unha proposta que nos fixeron dende a Fundación Celta de Vigo para levar a 55 veciños de Nigrán de maneira gratuíta a un partido en Balaidos, visitar o museo do Celta e asistir a un partido de fútbol. Invitamos aos representantes dos centros culturais que hai en Nigrán e tamén ao Colexio Juan María e foron 55 veciños a ese partido.

**1.-** *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

1.1. ¿Como temos o peche de exercicio 2015 a data de hoxe?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está a punto.

*Sr. García Pazos:* Se non está pechado non podemos ter nin o remanente nin o cálculo do remanente para gastos xerais.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai un borrador cunha previsión moi cercana á realidade. Para o Pleno do mes de maio falaremos do remanente.

*Sr. García Pazos:* Nese borrador ¿nos da polo menos para, en canto a obras, soportar as comprometidas tanto no Pleno como no orzamento, como nos medios de comunicación, que son 550 da auga de Parada e 540 do pavillón?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si da.

1.2. Me gustaría que para o Pleno seguinte me contestaran se é verdade que continuamos aínda, en canto ao punto limpo, permitindo que veciños ou empresas doutros municipios depositen os residuos de forma gratuíta, non soamente os veciños de Nigrán, porque outros municipios colindantes non o fan así. Recordo que cando tivemos que eliminar nós residuos en Gondomar tiñamos que pagar como Concello unha factura mensual polas podas, etc. Sería inxusto que viñeran de fóra a eliminar os residuos sen pagar e que cando tivemos que facelo nós o fixéramos pagando. Sobre todo empresas.

*D. Diego García Moreira, concelleiro delegado:* Totalmente certo que o maior control do punto limpo é necesario. Xa se estableceron controis en canto ao que se deposita, que non son suficientes, pero hai un pequeno detalle no que estamos traballando: non existe agora mesmo aprobada unha taxa pública para esas empresas que queiran depositar residuos.

## 2.- *D. Modesto Martínez Sienes, do grupo Popular:*

En decembro do ano pasado aprobouse no Pleno unha moción relativa á biblioteca municipal na que se acordou crear unha mesa de traballo composta por representantes de todos os grupos políticos, o arquitecto municipal, un membro do foro de accesibilidade e pola bibliotecaria. Nestes catro meses os únicos avances que notamos que se fixeron son o que dixo cada grupo pola súa conta e a través todo de notas de prensa. Non se convocou esa mesa en ningún momento, fixose unha xunta de portavoces pero non ten nada que ver coo aprobado. ¿Vamos a seguir con titulares ou vamos a traballar en serio e facer a reunión?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Convocaremos a mesa.

## 3.- *D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:*

3.1. ¿Xa se resolveu o concurso de axuda a domicilio despois de pasar xa 15 días dende a apertura de ofertas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Aínda está pendente de todos os informes que se pediron

## 4.- *D<sup>a</sup>. Liliána Silva Pequeño, do grupo Popular:*

4.1. Ao igual que se lle pagou polos ao Club de Bolos de Camos, chándales a Bolos da

Carrasca, polos ao Club de Bolos de Ceán e chándales ao Club Ciclista Rias Baixas, como anteriormente falamos das subvencións, rogo que a todos os clubs deportivos e culturais se lle pague algo como mínimo do mesmo importe do citado material, senón imos resolver as subvencións sen concorrencia competitiva, algúns xa parten con vantaxe.

4.2. ¿Para cando a apertura da oficina de turismo?

*D<sup>a</sup>. Ana Pérez Pérez, concelleira delegada:* Estamos tramitando as becas, unha para principios de xuño, a dos seis meses, e as outras dúas de mediados de xuño ata mediados de setembro, de tres meses.

*Sra. Silva Pequeño:* En anos anteriores conseguimos que a oficina estivera aberta durante nove meses. Este é un paso máis no retroceso que estamos sufrindo con este goberno. Actividades deportivas problemas para comezar e algunha delas nin comezou. Desapareceron actividades. Para o verán xa vemos que hai un día menos dun festival que se celebra aquí que repercute economicamente no concello. Pido ao Alcalde que se lle dea máis importancia ao departamento de turismo porque, ademais de que xa recibín queixas de que non está a persoa que ten que estar nesta época; que se lle dea máis de recoñecemento á concelleira e ao departamento.

5.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

5.1. O ano pasado presentei unha reclamación á Conta Xeral de 2013 e como consecuencia diso se aprobou unha moción na cal os grupos tiñan que presentar a contabilidade no primeiro trimestre e o Interventor informaba no Pleno ordinario de abril. ¿Vai informar?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Por agora só se presentaron dúas que son a de Nigrán Decide o 21-03-2016 e a do Partido Socialista o 31-03-2016. Estamos pendentes das demais.

5.2. No Pleno do 3 de marzo de 2016 aprobouse unha moción relativa ao catálogo das paisaxes para que se presentara unhas alegacións, ¿presentáronse?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está traballando o Concelleiro de medio ambiente niso.

*Sr. Cuevas Raposo:* Mañá remata o prazo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ten que traballar esta noite.

*Sr. Cuevas Raposo:* Aprobouse que se iba falar cunha asociación medio ambiental, veciñal ou cultural por si querían aportar algo. ¿Falouse con algún colectivo para presentar estas alegacións?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non, non se falou con ningún colectivo.

*Sr. Cuevas Raposo:* Hai un punto do seu programa electoral que era cumprir os acordos plenarios. Este xa non o cumpriu, porque de aquí a mañá xa non lle da tempo.

5.3. Da biblioteca tiña unhas preguntas, pero lle lembro que o 17 de xuño teñen que estar as conclusións da mesa de diálogo.

5.4. ¿Cando pensa convocar o Consello Sectorial?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Cando teñamos información. Estamos esperando que rematen os traballos técnicos entre os técnicos municipais e o equipo redactor, que aínda non remataron, para que o que se leve ao Consello Sectorial sexa algo no que poida participar e tomar decisións.

5.5. O tema do vidro, o papel ou a auga, estou pedindo información, pedín información nunha pregunta no Pleno de novembro, aprobouse unha moción no Pleno de decembro sobre este tema. ¿Teñen a información vostedes?

*D. Diego García Moreira, concelleiro delegado:* Fíxoseche constar que había esa información de parte duns anos, manifestaches que necesitabas información de máis anos e solicitouse ás dúas entidades xestoras que son Ecoembes e Ecodrio. A información a temos dos últimos catro anos.

*Sr. Cuevas Raposo:* Eu presentei fai pouco un escrito de que se me fora facilitando segundo a tiverades. É un problema grave, segundo vaiades mirando os datos xa o veredes.

5.5. No último Pleno pedín que se incluían os libros escolares no plan estratéxico de subvencións.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non lle deu tempo aos técnicos municipais pero no Pleno próximo virá.

5.6. Aprobáronse as bases para subvencións de emerxencia social e o programa de alimentos municipais. ¿Cal é a razón de pola que non se publicaron ditas bases?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pendente de publicar no Boletín Oficial da Provincia.

*Sr. Cuevas Raposo:* Me parece grave, porque son bases de emerxencia social para situacións de emerxencia.

5.7. No convenio con Zona Franca en Porto do Molle se indica que eles, se se demostra que o caudal xerado directamente polo Parque empresarial é maior, o Consorcio asumirá as medidas correctoras necesarias para a súa regulación. Hai unha obra agora, a do río Muiños, de 812.000 euros, na que se van adoptar medidas para regular o caudal, espero que o pague Zona Franca, non nós.

5.8. Cada día recibo máis queixas de xente e colectivos que presenta escritos, e non se lles contesta. Hai un no que a contestación é de cachondeo, porque se pregunta unha cousa e contestan outra. Pregunta se hai unha licencia e contestan cun informe policial. Por favor, contéstelle á xente.

5.9. Non me contestou a pregunta do último Pleno de cantos cursos se fixeron dirixidos a persoas desempregadas.

6.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:*

6.1. Que se ordene a limpeza das parcelas sin edificar no SAU 7 que presentan unha situación lamentable nunha zona urbanizada na primeira liña de praia, así como tamén os viais, que teñen as beirarrúas cheas de herba.

6.2. Que se ordene un estudo pola Policía Local ao fin de analizar a posibilidade de dotar de dirección única a rúa Bouzavella, así como pintado e paso peonil na calzada, dado que durante o verán se converte nun perigo para os peóns.

6.3. Recentemente colocouse unha fonte na praza do Concello a altura do parque infantil que pola súa ubicación e tamaño reducido dificulta o acceso dos vehículos ao garaxe, tanto é así que nalgunha ocasión foi derribada. Agora me din que o grifo verte seguido. Que se estude a posibilidade de desprazala cara o parque infantil ou o edificio do Concello.

6.4. Recentemente se retiraron sinais de limitación de velocidade na rúa de baixada á praia das Canas, quedando dúas, unha ao inicio dirección descendente e outra en ascendente. Non estaría demais reforzar a sinalización ou por algún badén.

6.5. Existe un problema no camiño do Lavadoiro en Panxón, coa actuación que se fixo estase a xerar un problema, sobre todo cando chove, de inundación dunha vivenda alí ubicada. Que se proceda a arranxar de forma urxente.

6.6. No Faro de Vigo do 17 de xaneiro recollíase unha noticia de que o cruceiro da ponte da Ramallosa sufrira un ataque vandálico rompendo a cruz, que foi localizada no río Miñor. En declaración á prensa o día 21 de xaneiro, actuando a Alcaldesa en funcións Raquel Giráldez, dicía que remitiran un escrito a Patrimonio e que agora estíbese esperando contestación para saber quen iba reparar o cruceiro xa que era unha peza moi delicada. ¿A día de hoxe segue sen repararse? ¿contestou Patrimonio?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Patrimonio respondeu e dixo que o arranxáramos nós, pero nos deu un listado de empresas que eran as únicas que podían facelo. Pedimos presuposto a esas empresas e, unha vez pedido presuposto as empresas, agora nos mandan que temos que enviálo de novo a Patrimonio para que a empresa se poña en contacto con Patrimonio e que Patrimonio autorice á empresa. Estamos pendentes que Patrimonio autorice á empresa, que ten que facer o proxecto de como vai pegar o cruceiro.

6.7. ¿Identificouse a quen o fixo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

6.8. O ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Dirección Xeral do Catastro está levando a cabo unha regularización catastral en diversos concellos, entre eles Nigrán. O pasado 30 de marzo vostede manifestaba que o goberno local está reticente con esta regularización e que se puxo en contacto co Xerente do Catastro para exixir un servizo de información e resolver dúbidas aos veciños, comprometéndose a desprazar persoal a Nigrán. ¿Dispón a empresa encargada de levar a cabo estes traballos de campo de persoal para informar aos cidadáns xa que está a xerar moitas dúbidas en relación ás construcións auxiliares e sobre todo invernadoiros no medio rural?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Por agora nos din, tanto a empresa coma o Catastro, que están co traballo de campo, que de momento non hai ningún documento, que ata o ano 2017

isto non se pon en marcha, pero que no momento en que se inicie o procedemento de documentación que si traerán persoas do Catastro para informar.

*Sr. Fernández Comesaña:* A preocupación é en canto a que os invernadoiros poidan tributar polo IBI.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que nos parecía máis inxusto era que se cobrase unha taxa de 60 euros por cada ben que haxa que catastrar de novo. Se tes dous invernadoiros pagaríanse 120 e non é o momento.

6.9. A empresa adxudicataria da cafetería da Casa da Terceira Idade solicitou unha indemnización ao Concello de 3.273 euros e que foi rexeitada polo Concello. O 3 de marzo o Concello advírtelle á concesionaria de que non está en funcionamento o ascensor dándolle un prazo de quince días para a súa posta en funcionamento. Transcorrido en exceso o prazo concedido, quería saber se xa está funcionando, se xa está reparado e de non ser así se se iniciou algún expediente por incumprimento de contrato.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non está funcionando, non se iniciou ningún expediente.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Xa funciona.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Esa indemnización que reclaman era por algo en concreto?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esa indemnización era polo día das eleccións xerais, que como non funcionaba o ascensor, desde o Concello creemos que quen ten que arranxalo son eles, pedían a indemnización por ter pechada a cafetería o día das eleccións porque como non había ascensor a mesa electoral non podía estar no primeiro andar, porque non cumpría a accesibilidade e polo tanto mandámoslle unha orde de peche das instalacións para celebrar as eleccións na planta baixa.

#### 7.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

7.1. Retomando o concurso do servizo de axuda no fogar, se a información que me chegou é correcta, o Concello remitiu a Inspección de Traballo copia dos escritos presentados polo BNG e pola CIG, quería saber se houbo algunha resposta. Paralelamente a esta actuación o Concello foi requirindo á empresa para que fora aportando a documentación acreditativa da solvencia financeira, técnica e profesional e o resto da documentación pertinente. Eu quería saber se recibiu o Concello esta documentación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está en prazo e aínda non a remitiu.

7.2. Posiblemente vaiamos a ter eleccións proximamente, rogo que o Concello oferte locais apropiados para a realización de actos electorais. Nese sentido eu solicito que se oferte o auditorio municipal á Xunta Electoral de Zona como local electoral. Con todas as limitacións que se poidan por respecto a non interferir con actuacións previstas. A idea é por a disposición das organizacións políticas locais axeitados a tal fin e non o comedor dun colexio, que hai que desmontar para realizar un acto. Non é un local apropiado.

7.3. Me parece moi oportuna a intervención do Sr. Cuevas Raposo respecto a xustificación das asignacións aos grupos políticos. No meu caso pasouseme e a rexistrarei

posiblemente o sábado. Que se completen e que se poidan ver.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.